

# PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

**CEIP CASÁS**



## INDICE

<b>1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO</b>	<b>3</b>
1.1 Atención educativa como resposta á diversidade persoal e social	3
1.2 Contexto legal	4
1.3 Contexto social do centro	4
<b>2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS</b>	<b>4</b>
<b>3. OBXECTIVOS DO PLAN</b>	<b>5</b>
<b>4. DESTINATARIOS DO PALN</b>	<b>5</b>
<b>5. ACTUACIÓNS</b>	<b>6</b>
<b>6. METODOLOXÍA</b>	<b>7</b>
<b>7. RECURSOS</b>	<b>8</b>
7.1 Persoais	8
7.2 Materiais	8
<b>8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: ORGANIZACIÓN</b>	<b>8</b>
8.1 Medidas Ordinarias	9
8.1.1 Reforzo Educativo	9
8.1.2 Apoios Educativos	10
8.1.3 Grupos de inmigrantes para a adquisición do vocabulario	11
8.1.4 Permanencia no ciclo	12
8.1.5 Escolarización nun curso inferior ao que corresponde pola idade	13
8.1.6 Seguimento e control do absentismo	13
8.1.7 Atención educativa ao alumnado que por razón de enfermidade está convalacente no domicilio	14
8.1.8 Estimulación da linguaxe oral nas aulas de Educación Infantil	15
8.2 Medidas extraordinarias	15
8.2.1 Adaptacións curriculares significativas	15
8.2.2 Escolarización combinada	16
8.2.3 Flexibilidade da duración do período de escolarización	17



<b>8.2.4 Apoios do profesorado de P.T. e A.L.</b>	<b>18</b>
<b>9. ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS E ÓRGANOS DO CENTRO</b>	<b>20</b>
<b>10. COLABORACIÓN CON OUTROS PROFESIONAIS EXTERNOS AO CENTRO</b>	<b>23</b>
<b>10.1 Servicios Sociais do Concello (Traballadoras e Educadoras Sociais)</b>	<b>23</b>
<b>10.2 Saúde Mental Infanto Xuvenil do Complexo Hospitalario HULA</b>	<b>23</b>
<b>10.3 Asociacións que prestan atención a nenos/as con necesidades especiais</b>	<b>23</b>
<b>10.4 Equipo de Orientación Específico (EOE)</b>	<b>24</b>
<b>11. COLABORACIÓN COS PAIS E NAIS DOS ALUMNOS</b>	<b>24</b>
<b>11.1 Información ás familias</b>	<b>24</b>
<b>11.2 Colaboración familiar</b>	<b>24</b>
<b>12. AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>25</b>
<b>12.1 Órganos implicados na avaliación</b>	<b>25</b>
<b>12.2 Indicadores de avaliación</b>	<b>25</b>
<b>12.3 Instrumentos para avaliar o Plan</b>	<b>25</b>
<b>ANEXOS</b>	<b>27</b>

# PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## 1- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### 1.1- A ATENCIÓN EDUCATIVA COMO RESPONSA Á DIVERSIDADE PERSOAL E SOCIAL.

A atención á diversidade debe entenderse como un conxunto de medidas e actuacións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferencias e ás necesidades permanentes ou temporais de todo o alumnado, e entre eles aos que requiran una actuación específica derivada de factores persoais ou social ( Decreto 229/2011 do 7 de decembro).

Mediante os principios que inspiran una educación de calidade, como a equidade, a inclusión educativa, a non discriminación, a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade do alumnado, trataremos de conseguir o éxito escolar de todos os alumnos e alumnas.

Partimos dun modelo de educación personalizada que, dende unha oferta curricular común, ofrece respostas diferenciadas e adecuadas ás diferentes capacidades, intereses e motivación dos alumnos e alumnas do Centro.

En consecuencia faise necesario a elaboración deste Plan de Atención á Diversidade, no que participen todos os sectores da Comunidade Educativa e que reponda ás necesidades que presentan todos os alumnos e as alumnas do C.E.I.P. de Casás.

A diversidade do alumnado maniféstase fundamentalmente a través da diversidade de:

- Capacidade e ritmo de desenvolvemento.
- Motivación e expectativas diante da aprendizaxes.
- Ideas, actitudes e valores.
- Alumnos inmigrantes

Esta diversidade fai que nos atopemos diante de situacións diferenciadas de aprendizaxe:

- Alumnado con necesidades educativas especiais.
- Alumnado con ritmo lento nas súas aprendizaxes.
- Alumnado dun mesmo nivel distanciados do currículo do seu grupo de clase.
- Alumnado moi capacitados.
- Alumnado con absentismo escolar.
- Alumnado con dificultades emotivo-relacionais e/ou de conducta.
- Alumnado con descoñecemento dos idiomas oficiais e da cultura de Galicia

## 1.2- CONTEXTO LEGAL:

Na elaboración deste Plan de Atención á Diversidade tívose en conta:

- A ley Orgánica 8/2013, de 9 de novembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que no seu artigo 1 do Título Preliminar establece a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado.
- O Decreto 229/2011 da Xunta de Galicia, do 7 de decembro, que regula a Atención á Diversidade de todo o alumnado e no que se indica que todo o alumnado deberá contar coas medidas e recursos educativos que repondan ás súas necesidades e características.

## 1.3- CONTEXTO SOCIAL DO CENTRO:

O C.E.I.P. de Casás de Lugo está situado nunha zona periférica de cidade de Lugo. Están escolarizados alumnos e alumnas que viven, na súa maioría, en zonas próximas ao Centro Escolar; o 17% do alumnado vive na zona rural e é transportado. A procedencia social do alumnado é moi diversa, sendo a porcentaxe máis alta a pertencente a un estrato social baixo. Existe unha porcentaxe importante de ámbitos familiares desestructurados e desfavorecedores.

O Centro conta con 6 unidades de E. Infantil, 10 unidades de E. Primaria e un aula específica de TXD. A ratio por aula está entre os 23 e os 25 alumnos, agás as aulas de 4º de Primaria con 16 alumnos. Nas aulas de Educación Infantil están escolarizados alumnos co diagnóstico de trastorno do “espectro autista” e unha alumna con deficiencia visual.

## 2.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS:

Ao comenzo de cada curso escolar o Departamento de Orientación identificará e valorará as necesidades educativas detectadas, tendo en conta a información aportada polas Profesoras de P.T. e A.L., a información facilitada polas Profesoras Titoras e os datos que teña o Departamento de Orientación.

No actual curso 2013/14, están escolarizados 350 alumnos e alumnas. Deste alumnado: 37 alumnos e alumnas son de etnia xitana, 15 alumnos e alumnas son inmigrantes con familia que non domina o idioma, 15 alumnos e alumnas son inmigrantes de procedencia hispanoamericana, 5 alumnos e alumnas están con diagnóstico de trastorno do “espectro autista”. Unha porcentaxe importante de alumnos e alumnas presenta un desfase curricular

importante: 7 repiten 1º ciclo de E. Primaria. Sete alumnos e alumnas contan con Adaptación Curricular Significativa. O alumnado que sobrepasa os umbrais de absentismo é mínimo: 2 alumnos e alumnas presenta un nivel de absentismo escolar significativo.

### **3.- OBXECTIVOS DO PLAN:**

- a) Facilitar a integración social e educativa do alumnado.
- b) Facilitar ao alumnado unha resposta educativa adecuada que lle permita acadar un maior desenvolvemento social e persoal.
- c) Planificar respostas educativas diversificadas de organización, de actuación e de metodoloxía, adaptadas ás necesidades de cada alumno para que poda acadar os obxectivos mínimos.
- d) Coordinar o desenvolvemento de actuacións encamiñadas a inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- e) Establecer cauces de colaboración e coordinación entre os diversos profesores que interveñen con alumnos de necesidades educativas especiais.
- f) Optimizar a distribución dos recursos humanos cos que conta o Centro para atender a todas as necesidades se é posible.
- g) Impulsar a colaboración e coordinación do Centro con outras institucións , asociación e profesionais.
- h) Promover a adopción de medidas que favorezan a acollida e integración educativa do alumnado procedente de sectores sociais desfavorecidos.

### **4.- DESTINATARIOS DO PLAN**

Todo o alumnado do Centro pode ser o destinatario das medidas e actuacións deste Plan de Atención á Diversidade e , de forma especial, os alumnos e alumnas que presenten necesidades especiais de apoio educativo:

- 1. Alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais permanentes na modalidade de integración ou escolarización combinada ( discapacidade física ou psíquica)
- 2. Alumnos e alumnas con desfase curricular de dous ou máis niveis.
- 3. Alumnos e alumnas de etnias minoritarias.
- 4. Alumnos e alumnas inmigrantes con descoñecemento do idioma ou incorporación tardía ao sistema educativo.
- 5. Alumnos e alumnas con ritmo lento e dificultades na aprendizaxe

6. Alumnos e alumnas con problemas emotivo-relacionais e/ou de conducta
7. Alumnos e alumnas con altas capacidades intelectuais
8. Alumnos e alumnas con necesidades especiais na linguaxe oral
9. Alumnos e alumnas con ámbito familiar desfavorecido
10. Alumnos e alumnas con absentismo escolar

## 5.- ACTUACIÓNS

As actuacións prevista ao longo do curso son:

- Identificación e priorización dos alumnos e alumnas que requiren axustar a resposta educativa por presentar dificultades na aprendizaxe, discapacidade física ou intelectual, sobredotación. Esta actuación será levada a cabo nos primeiros días de cada curso polos Profesores ou Profesoras Titores/as coa colaboración e intervención do Departamento de Orientación, si se solicita.
- Diseñar e implementar actuacións preventivas e de detección temperá de dificultades con todos os alumnos. Esta actuación será levada a cabo polos Titores ou Titoras, Profesores de PT e AL e Departamento de Orientación.
- Seguimento do Plan de Acollida cos novos alumnos e alumnas que se incorporan cada curso ao Centro, con especial atención ao alumnado inmigrante. Esta actuación será levada a cabo polos Titores e a Dirección.
- Seguimento do Protocolo de absentismo cando se detecten alumnos que sobrepasan os umbrais establecidos para considerar absentismo as faltas de asistencia. Será levada a cabo polo Titor/a e a Xefatura de Estudos coa colaboración do Departamento de Orientación.
- Elaboracións de Adaptacións Curriculares Significativas aos alumnos cun desfase curricular superior a dous niveis e o seu seguimento trimestral polo Profesor ou pola Profesora Titor/a e coa colaboración das Profesoras de P.T. e A.L. e do Departamento de Orientación.
- Reunións ao comenzo de cada curso entre os Profesores/as Titores/as que tiveron alumnos con Necesidades Educativas Especiais no curso anterior e os Profesores e as Profesoras Titores/as que teñen eses alumnos no curso actual. Colaborará nesta actuación o Departamento de Orientación.
- Reunións ao comenzo de cada curso entre os Profesores ou as Profesoras Titores/as que remataron ciclo ou etapa e os Profesores ou as Profesoras Titores/as que inician ciclo ou etapa para transmitir a información sobre as características dos alumnos e alumnas cos que uns remataron e os outros empezan. Colaborará nesta actuación o Departamento de Orientación.
- Asignación de apoios aos Profesores con horario dispoñible no primeiro mes de curso por parte da Xefatura de Estudos.

- Reunión trimestral entre o Profesor ou a Profesora Titor/a e os Profesores que imparten apoios na súa aula para realizar a avaliación e axustar as respostas ás necesidades dos alumnos e alumnas.
- Informacións ás familias dos alumnos e alumnas para os que se deseñen medidas de atención á diversidade, mediante unha entrevista do Titor ou da Titora coa familia e coa colaboración, si se require, da Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación. Serán informados do momento educativo do seu fillo ou filla, da resposta educativa deseñada, da metodoloxía a seguir e da implicación da familia no proceso.
- Deseño de actuacións para o reforzo educativo daqueles alumnos e alumnas que o necesiten polo seu desfase curricular. Esta actuación será levada a cabo polo Profesor ou a Profesora Titor/a.
- Deseño das medidas e das actuacións para o apoio educativo, xa sexa dentro ou fóra da aula ordinaria. Esta actuación será levada a cabo polo Profesor ou pola Profesora Titor/a en colaboración cos Profesores de apoio, tendo en conta o nivel do alumno.

## **6.- METODOLOXÍA:**

A metodoloxía que se vai seguir basearase no principio de individualidade, dada as características e a diversidade do alumnado que vai recibir atención coas medidas propostas.

Para atender á diversidade considerase necesario ter en conta os seguintes principios:

- Organización flexible en tempos, espazos e grupos.
- Fomentar un clima de seguridade e autoestima baseado na autonomía e nun ambiente escolar de confianza e acolledor.
- Partir do nivel de desenvolvemento e de aprendizaxe do alumno.
- Informar ás familias sobre o proceso que se está a seguir para dar resposta as necesidades do seu fillo ou filla.
- Revisión dos métodos de traballo e dos materiais empregados para adecualos á realidade do alumno
- Empregar materiais diversos, sen considerar o libro de texto como único material.



## **7.- RECURSOS:**

### **7.1.- PERSOAIS:**

O Centro conta no actual curso cos seguintes postos de traballo:

- Profesores-Titores: 16
- Profesores de F.I.: 2
- Profesores de E.M.: 1
- Profesores de E. F.: 2
- Profesores de Apoio á E. Infantil: 2
- Profesores de PT: 4 ( unha Profesora para a Aula de Autismo)
- Profesores de AL: 1
- Profesores de Relixión: 2
- Orientación: 1 OC
- Auxiliar Técnico Educativo: 2

### **7.2.- MATERIAIS:**

- Medios Informáticos: ordenadores, encerados dixitais, programas de ordenador...
- Materiais impresos: libros de fichas de reforzo, material elaborado adaptado ás necesidades dos alumnos obxecto das medidas propostas.
- Cada curso escolar destinarase una partida dos presupostos dos Centro para adquirir material.

## **8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN À DIVERSIDADE: ORGANIZACIÓN**

Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado ( Decreto 229/2011 ).

Estas medidas poden ser:

## 8.1.- MEDIDAS ORDINARIAS:

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade aquelas que facilitan a adecuación do currículo ordinario, sen alteracións significativas nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Teñen como finalidade proporcionar unha atención máis individualizada á diversidade de capacidades, motivación, intereses e ritmo de aprendizaxe dos alumnos e facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas no currículo (Decreto 229/2011).

### 8.1.1.- REFORZO EDUCATIVO

#### **Destinatarios:**

Para os alumnos con expectativas de progreso semellantes ás dos seus compañeiros de nivel, pero que por razóns de motivación, ritmo de aprendizaxe ou outras acadan os obxectivos máis tarde co resto, propoñeranse actividades de Reforzo Educativo.

Esta medida irá dirixida, polo tanto, aos alumnos e alumnas que presenten:

- Dificultades de aprendizaxe en aspectos básicos e instrumentais do currículo e non teñan hábitos de traballo e de estudo.
- Avaliación negativa nalgunhas áreas no curso anterior ou non promocionan de ciclo.
- Algunha circunstancia que o Titor ou a Titora considera xustificado para a inclusión nesta medida.

#### **Obxectivos:**

O Reforzo Educativo terá como finalidade recuperar hábitos de traballo ou coñecementos non adquiridos en calquera das áreas para lograr o éxito escolar. Suporá, sobre todo, introducir modificacións metodolóxicas adaptadas ás características do alumno, seguindo a Programación de aula.

#### **Organización:**

O Reforzo Educativo será organizado e aplicado de forma prioritaria pólo Profesor ou pola Profesora-Titor/a da Aula ordinaria, coa colaboración doutros profesores e coa aportación de materiais por parte do Departamento de Orientación, sempre que sexan demandados.

Esta medida levarase sempre a cabo dentro da Aula Ordinaria

## 8.1.2.- APOIOS EDUCATIVOS

### Destinatarios:

Para os alumnos con expectativas de progreso inferiores ás dos seus compañeiros de Ciclo e que presenten:

- Un retraso curricular moi significativo.
- Deficiencias graves na lectura, escritura e cálculo.
- Problemas emotivo-relacionais e/ou de conductas disruptivas.

### Obxectivos:

O Apoio Educativo terá como finalidade recuperar coñecementos non adquiridos, especialmente, nas áreas de Lingua e Matemáticas para lograr o éxito escolar. Suporá, sobre todo, introducir modificacións metodolóxicas adaptadas ás características do alumno, traballar aqueles aspectos do currículo, que sendo do mesmo nivel ou anterior ao que está escolarizado, non ten adquiridos ou consolidados:

- Adquirir as aprendizaxes mínimas establecidas para o Ciclo
- Afianzar as aprendizaxes do Ciclo anterior.
- Adquirir unha lectura fluida e comprensiva.
- Adquirir as aprendizaxes instrumentais básicas de cálculo.
- Adquirir hábitos de relación social e de acatamento de normas de conducta.

### Organización:

Ao comenzo de cada curso a Xefatura de Estudos, coa colaboración do Departamento de Orientación, levará a cabo a organización desta medida, tendo en conta a información aportada polos Profesores ou polas Profesoras Titores/as sobre os alumnos e alumnas que consideran que necesitan apoios.

Para a súa organización teranse en conta os seguintes criterios metodolóxicos:

- a)- Dar prioridade ao alumnado dos primeiros niveis.
- b)- Os alumnos cun retraso académico moi significativo terán apoios preferentemente e, sempre que sexa posible, coincidindo coas horas de lingua e/ou matemáticas do horario da súa clase.
- c)- Os alumnos e alumnas de E. Infantil que presenten maiores necesidades educativas recibirán apoios dentro da aula por parte das Profesoras de Apoio á E. Infantil. Durante o primeiro trimestre do curso as Profesoras de Apoio á E. Infantil establecerán como actividade prioritaria a colaboración coas Titoras de 3 anos na fase de adaptación dos alumnos. Unha vez superada esta adaptación, realizarán o apoio dentro da aula para

favorecer unha intervención máis individualizada cos alumnos e alumnas que presenten maiores dificultades nas aprendizaxes.

- d)- A organización dos apoios e a distribución horaria será variable e flexible segundo a evolución dos alumnos e alumnas e a dispoñibilidade horaria do Profesorado.
- e)- Poderanse organizar grupos reducidos con alumnos e alumnas con características semellantes e do mesmo ciclo para traballar a mellora da lectura e da escritura
- f)- Estes apoios serán levados a cabo polo Profesorado (preferente do mesmo ciclo) con horario dispoñible dentro ou fóra da Aula Ordinaria, individual ou en grupos moi reducidos, segundo se considere oportuno.
- h)- Intentarase que un mesmo alumno sexa atendido polo menor número posible de Profesores.
- i)- O Profesor ou a Profesora Titor/a en colaboración co Profesorado de apoio deseñará as actividades que se van a realizar. Se as actividades que se realizan no apoio son as mesmas que as que se realizan na clase, os apoios serán dentro da Aula ordinaria.
- j)- As intervencións con estes alumnos planificaranse elaborando unha ficha na que se recollan o nivel de competencia, os contidos que se van a traballar e a evolución do alumno ou alumna.
- k)- O Profesorado de apoio aportará información ao Titor ou á Titora para realizar a avaliación do alumno implicado.
- l)- Para que os alumnos e alumnas sexan susceptibles desta medida terán que contar cun informe de avaliación psicopedagóxica.
- m)- Os pais e nais serán informados polo Titor ou pola Titora das medidas adoptadas e deberán dar a súa conformidade por escrito nun documento que se lle dará a asinar.
- n)- Na E. Infantil os apoios a un alumno ou a un grupo de alumnos, que presente necesidades educativas e necesiten reforzo nalgúns aspectos ou áreas, serán realizados de forma preferente polo Profesorado de Apoio á E. Infantil dentro da Aula Ordinaria.
- ñ)- Os alumnos que presenten problemas graves de conducta e que contén cun Informe Psicopedagóxico (conductas disruptivas na clase...) poderán, en determinados momentos, estar “un tempo fóra da aula”, recibindo apoios dun Profesor dos que están de garda e non ten que realizar substitución.

### **8.1.3.- GRUPOS DE INMIGRANTES PARA A ADQUISICIÓN DO VOCABULARIO**

Co obxectivo de integrar ao alumnado inmigrante na dinámica do Centro, tendo en conta as directrices que se suxiren no Plan de Acollida para alumnos inmigrantes, levaranse a cabo

actuacións e respostas educativas para a “inmersión lingüística “ de inmigrantes que descoñecen o español.

**Destinatarios:**

Alumnos e alumnas inmigrantes que descoñecen os idiomas propios de Galicia.

**Obxectivos:**

- Dotar os alumnos dunha maior capacidade comunicativa para mellorar a incorporación ao ámbito escolar e social, mediante a adquisición ou ampliación do vocabulario básico.
- Conseguir unha expresión oral fluída.
- Lograr a comprensión oral axeitada.
- Ler coa exactitude e velocidade axeitadas ao nivel de escolarización.
- Comprender as mensaxes dos textos escritos axeitados ao seu nivel.
- Producir mensaxes escritas con certa coherencia e corrección.

**Organización:**

Se a dispoñibilidade horaria do Profesorado o permite, constituirase un grupo reducido de alumnos e alumnas para levar a cabo un Programa de adquisición de vocabulario e de expresión e comprensión oral fluída. Esta medida contará cunha sesión diaria e prolongarase como moito ao longo de tres ou catro meses, segundo a evolución dos alumnos e alumnas. Será conveniente que sexa un so Profesor o que actúe con cada grupo.

**8.1.4.- PERMANENCIA NO CICLO.**

**Destinatarios:**

O alumnado, que rematado o Ciclo, presente un desfase no currículo grave non promocionará de Ciclo.

Para tomar esta medida haberá que ter en conta outros condicionantes ( adaptación do alumno a un novo grupo, os condicionantes do grupo ao que se tería que incorporar, as perspectivas de mellora, .....).

**Obxectivos:**

- Adquirir os obxectivos e competencias que corresponde ao Ciclo.

**Organización:**

Esta decisión será adoptada pola Titora co asesoramento do equipo docente e do Departamento de Orientación. Haberá que notificar aos pais do alumno ou alumna a decisión da medida tomada.

Esta medida deberá ir acompañada dun plan de Reforzo Educativo ou dunha Adaptación Curricular Significativa, segundo sexa o desfase do currículo.

**8.1.5.- ESCOLARIZACIÓN NUN CURSO INFERIOR AO QUE CORRESPONDE POLA IDADE:**

**Destinatarios:**

Os alumnos e alumnas que se incorporan tardiamente ao sistema educativo e presenta un desfase no nivel curricular de máis dun ciclo, escolarizaranse nun nivel inferior ao que lle corresponde pola súa idade.

**Obxectivos:**

- Adquirir os obxectivos e competencias que corresponde ao nivel ou ciclo.

**Organización:**

Cando un alumno ou alumna se incorpore ao Centro, procedente dun sistema educativo distinto ao español, será adscrito ao nivel que lle corresponda pola idade. Unha vez na aula, o Titor ou a Titora realizará unha avaliación inicial, coa colaboración do equipo docente. Se presenta un desfase importante o Departamento de Orientación realizará unha avaliación psicopedagóxica coa elaboración do correspondente Informe, onde se sinalará se é necesaria a escolarización nun nivel inferior.

**8.1.6.- SEGUIMIENTO E CONTROL DO ABSENTISMO:**

**Destinatarios:**

O alumnado que presente:

- Unha falta de asistencia ás clases sen xustificar segundo se establece no Decreto 229/2011 e no Protocolo para o control do Absentismo Escolar en Galicia.
- Un abandono escolar temperá estando dentro da idade de escolarización obrigatoria.
- Unha desescolarización estando dentro da idade de escolarización obrigatoria.

**Obxectivos:**

- Detectar os casos de absentismo que se poden dar.
- Informar a quen proceda dos casos detectados.
- Evitar que o alumnado que se atopa en situación de ambientes familiares desfavorecidos abandone a escolarización obrigatoria.

**Organización:**

Cada Titor ou Titora levará un control diario de faltas de asistencia e puntualidade de cada alumno. Ao final de cada mes pasarase o parte de asistencia a Xefatura de Estudos, onde se irán contabilizando as faltas de asistencia do alumnado. Cos alumnos que sobrepassen os umbrais de absentismo establecido polo Decreto citado seguirase o Protocolo de Absentismo Escolar en Galicia:

- Información ás familias dos alumnos afectados mediante o protocolo establecido para Galicia.
- Informar, se procede, á Inpección por parte da Dirección dos casos detectados de absentismo
- Enviar Informe de absentismo aos Servicios Sociais de Atención Primaria do Concello.

**8.1.7.- ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE POR RAZÓN DE ENFERMIDADE ESTÁ CONVALECIENTE NO DOMICILIO:**

**Destinatario:**

O alumnado que deba permancer convalacente no seu domicilio quince ou máis días por motivo de enfermidade, e tendo en conta a normativa que estableceza a Consellería de Educación, poderá recibir unha atención educativa mediante pautas e actividades propostas dende o Centro.

**Obxectivos:**

- Manter un contacto coas actividades que se realizan na clase.
- Evitar un desfase importante en canto aos obxectivos e contidos do nivel.

**Organización:**

Os Profesores poderán indicar semanalmente algunhas das actividades realizadas na clase mediante unha entrevista do Titor ou da Titora cos pais. O Titor ou a Titora coordinará esta medida.

## **8.1.8.- ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL NAS AULAS DE E. INFANTIL:**

### **Destinatario:**

Todo o alumnado da E. Infantil no grupo da clase

### **Obxectivos:**

- Prevención de alteracións na linguaxe oral e na fala
- Detección de necesidades que poden presentar os alumnos.

### **Organización:**

O profesor de A.L. terá no seu horario unhas horas detinadas a estimulación da linguaxe oral nas Aulas da E. Infantil . Serán sesións de media hora á semana en cada aula. Mediante contos e outras actividades traballarase a linguaxe oral e a prevención da alteracións que soen aparecer nesta etapa.

## **8.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:**

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Estas medidas requiren modificacións significativas do currículo no referido aos obxectivos e contidos, modificacións da modalidade de escolarización e flexibilidade da idade de escolarización, cambios esenciais no ámbito organizativo. Estas medidas aplicaranse cando resulten insuficientes as de carácter ordinario (Decreto 229/2011).

### **8.2.1.- ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS:**

#### **Destinatarios:**

Para aqueles alumnos e alumnas con unhas expectativas de progreso que non se correspondan co currículo do Ciclo no que están escolarizados, elaborárase unha Adaptación Curricular Significativa na áreas que se considere necesario, unha vez esgotadas todas as medidas ordinarias de Reforzo e Apoio Educativo. No informe de avaliación psicopedagóxica deberá estar sinalada a necesidade de levar a cabo esta medida.

#### **Obxectivos:**

- Modificar aspectos básicos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) para que alumno poda acadar as competencias básicas correspondentes a ciclos anteriores aos que está escolarizado.



- Modificar o ámbito organizativo e os aspectos metodolóxicos necesarios para adaptarse ás características do alumno.

### **Procedemento xeral para a elaboración das ACS**

- Demandas concretas dos Titores ou das Titoras.
- Análise das deficiencias que presenta o alumno e do nivel de competencia curricular.
- Avaliación psicopedagóxica mediante probas estandarizadas, se procede.
- Elaboración do Informe correspondente da avaliación psicopedagóxica.
- Entrevista coa familia a fin de recabar datos pertinentes que poidan ser de utilidade.
- Reunión do Titor ou da Titora co equipo de profesores para valorar as posibilidades de intervención a través dunha ACS.
- Elaboración da ACS polo Profesor ou pola Profesora Titor/a coa colaboración dos Profesores de PT/AL e do Departamento de Orientación.
- Elaboración de pautas e materiais que se estimen máis apropiados.
- Nun segundo momento, avaliarase o funcionamento do proceso, efectuando os reaxustes que sexan convenientes.
- Os Apios que se lle presten ao alumnado susceptible desta medida serán levados a cabo polos Profesores de PT e/ou AL, dentro ou fóra da aula ordinaria, para traballar os obxectivos e os contidos propostos na ACS.
- Trimestralmente o Titor, o Profesorado de apoio e o Orientador farán unha valoración da evolución do alumnos ao que se lle aplique esta medida.

### **8.2.2.- ESCOLARIZACIÓN COMBINADA:**

A escolarización combinada entre o CEIP de Casás, como centro ordinario, e un Centro de Educación Especial só se levara a cabo cando as necesidades dun alumno non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade do CEIP de Casás e non se dispoña dos recursos materiais e humanos que se requiran para dar resposta educativa ás súas necesidades.

#### **Destinatarios:**

- Para os alumnos e alumnas que presentan necesidades educativas especiais permanentes poderá solicitarse a modalidade de escolarización combinada.
- Para os alumnos e alumnas diagnosticados de trastorno xeralizado do desenvolvemento poderá solicitarse esta modalidade de escolarización combinada entre a Aula Ordinaria e a Aula de TXD dentro do mesmo Centro.

**Obxectivos:**

- Atender as necesidades educativas especiais destes alumnos .
- Dispoñer dos recursos humanos e materiais necesarios para atender ás súas necesidades.
- Procurar a máxima inclusión destes alumnos nos entornos ordinarios.

**Procedemento xeral para solicitar esta modalidade de escolarización:**

Seguiranse as instrucións e criterios establecidos pola administración educativa ao respecto (Decreto 229/2011.- artg. 16):

- Os pais dos alumnos solicitarán no Centro esta modalidade de escolarización.
- Elaboración dun Informe psicopedagógico (Dictame de Escolarización) por parte dos Departamentos de Orientación dos dous Centros, a ser posible. No Dictame sinalarase a necesidade desta medida de atención á diversidade e os recursos que se precisan; establecerase o tempo que o alumno vai a estar escolarizado en cada Centro. Este Dictame deberá contar coa conformidade dos pais ou titores legais do alumno.
- Para a escolarización combinada dentro do Centro entre a Aula Ordinaria e a Aula de TXD, o Equipo Docente, co asesoramento do Departamento de Orientación, elaborará o horario de permanencia nunha e outra aula e as materias nas que se integrará na Aula Ordinaria.
- Solicitudade da autorización para levar a cabo a modalidade de escolarización á Xefatura Territorial a través da Inspección de zona.
- Farase un seguimento periódico da evolución do alumno con esta modalidade de escolarización polos Departamentos de Orientación dos dous Centros.
- Revisarase esta modalidade de escolarización anual ou trimestralmente, tal como establece a normativa.

**8.2.3.- FLEXIBILIDADE DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN:**

O aumento ou redución da duración do período de escolarización nun ano respecto ao establecido con carácter xeral para a escolarización dos alumnos nas etapas da E. Infantil e Primaria atérase o establecido no Decreto 229/2011(art. 17 e 19).

**Destinatarios:**

- Para os alumnos e alumnas que, por motivo do seu desenvolvemento madurativo, presentan necesidades educativas especiais ou altas capacidades poderá solicitarse o

aumento ou a redución nun ano da súa permanencia na etapa de E. Infantil ou na E. Primaria, seguindo os criterios que establece a normativa vixente.

**Obxectivos:**

- Propiciar e potenciar o desenvolvemento madurativo do alumno.
- Adaptar as necesidades educativas que presenta ás características do nivel do que o alumno está máis próximo.
- Propiciar un mellor rendimento escolar na seguinte etapa educativa.

**Procedemento xeral para solicitar a flexibilización:**

Seguiranse as instrucións e criterios establecidos pola administración educativa ao respecto:

- O Titor ou Titora, ou os pais dos alumnos demandarán no Centro a flexibilización da duración do período de escolarización.
- Elaboración dun Informe psicopedagógico (Dictame de Escolarización) por parte do Departamento de Orientación do Centro, no que se fará constar os motivos da flexibilización e os recursos necesarios. Este Dictame deberá contar coa conformidade dos pais ou titores legais do alumno.
- Solicitud de autorización para a flexibilización á Dirección Xeral a través da Inspección de zona.

**8.2.4.- APOIOS DO PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDIÇÃO E LINGUAXE:**

**Destinatarios:**

- Alumnos e alumnas que teñan un diagnóstico médico dalgún trastorno que implique necesidades educativas especiais permanentes ou temporais de apoio educativo.
- Alumnos e alumnas que teñen elaborada unha Adaptación Curricular Significativa.
- Alumnos e alumnas que presentan déficits nas habilidades lingüísticas ou trastornos da fala e que teñan incidencia na lecto-escritura,.
- Alumnos e alumnas que presente dificultades específicas na aprendizaxe cun desfase curricular importantes nas áreas de lectura, escritura e cálculo.
- Alumnos e alumnas con necesidades específicas por altas capacidades intelectuais.
- Alumnos e alumnas que presente problemas emotivo-relacionais e/ou de conducta (actitude desafiante na aula, agresividade, non acatamento das normas.....).

**Obxectivos:**

- Adquirir as aprendizaxes mínimas establecidas para o Ciclo
- Afianzar as aprendizaxes do Ciclo anterior.

- Adquirir unha lectura fluída e comprensiva.
- Adquirir as aprendizaxes instrumentais básicas de cálculo.
- Correxir as deficiencias na fala ou na linguaxe oral.
- Levar a cabo actividades de enriquecemento curricular seguindo o currículo do Ciclo
- Adquirir hábitos de relación social e de acatamento de normas de conduta.

### **Organización:**

Ao comenzo de cada curso o Departamento de Orientación fará a proposta da organización da atención aos alumnos e alumnas por parte do Proferado de P.T. e A.L., coa colaboración da Xefatura de Estudos e das Profesoras de PT e AL, tendo en conta a información aportada polos Profesores ou polas Profesoras Titoras.

Para a súa organización teranse en conta os seguintes criterios metodolóxicos:

- a)- Dar prioridade ao alumnado dos primeiros niveis.
- b)- A organización dos apoios e a distribución horaria será variable e flexible segundo a evolución dos alumnos e alumnas e a dispoñibilidade horaria do Profesorado.
- c)- O Profesor ou a Profesora Titora en colaboración co Profesor de Apoio deseñarán as actividades que se van a realizar.
- d)- A Profesora de PT realizará os apoios dentro ou fóra da Aula Ordinaria, individuais ou en grupos de dous/tres alumnos, tendo en conta as características e as necesidades que presenta o alumno. Fóra da Aula Ordinaria sempre se traballarán obxectivos e contidos complementarios aos da Aula.
- e)- Os alumnos e alumnas con altas capacidades recibirán apoios, prioritariamente, pola Profesora de PT, para levar a cabo actuacións de ampliación ou enriquecemento curricular, ben dentro ou fóra da aula.
- f)- O Profesor de AL realizará os apoios na Aula de AL, agás que as necesidades do alumno requiran levar a cabo o apoio na Aula Ordinaria ( especialmente na E. Infantil).
- g)- O Profesor de apoio aportará información ao Titor ou á Titora para realizar a avaliación do alumno implicado.
- h)- As intervencións con estes alumnos planificaranse elaborando unha ficha na que se recollan o nivel de competencia, os contidos que se van a traballar e a evolución do alumno ou alumna.
- i)- Para que os alumnos e alumnas sexan susceptibles desta medida terán que contar cun informe de avaliación psicopedagóxica.
- j)- Os pais e nais serán informados polo Titor ou pola Titora das medidas adoptadas e deberán dar a súa conformidade por escrito nun documento que se lle dará a asinar.

- k)- Os alumnos que presenten problemas graves de conducta e que conten cun Informe Psicopedagóxico (conductas disruptivas na clase...) poderán recibir apoios da Profesora de PT para traballar habilidades sociais.
- l)- Os alumnos e alumnas que reciban apoios na aulas de PT e AL non poderán exceder das 8 horas semanais.

**Procedemento xeral para solicitar apoios nas Aulas de PT e AL:**

- O Profesor ou a Profesora Titor/a demandará a intervención do Departamento de Orientación para a realización dunha avaliación psicopedagóxica.
- O Departamento de Orientación elaborará un informe no que se indicará a necesidade de intervención dos Profesores de PT e/ou AL, as necesidades específicas de apoio educativo, orientacións metodolóxicas e as sesións semanais aconsellables.
- O Profesor de AL colaborará na valoración das necesidades educativas especiais dos alumnos e alumnas relacionadas coa comunicación e a linguaxe.

## **9.- ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS E ÓRGANOS DO CENTRO:**

**- Profesores-Titores :**

- Detección de necesidades
- Demanda de intervención do Departamento de Orientación
- Seguimento da evolución dos alumnos con necesidades
- Levar a cabo programas de prevención
- Elaboración de Adaptacións Curriculares
- Elaboración de Reforzos Educativos
- Control de asistencia ao Colexio
- Informar aos pais das medidas tomadas

**- Profesores con horario dispoñible:**

- Apoios educativos con alumnos con desfase curricular en lectura, escritura e cálculo de forma individual ou colectiva, dentro ou fóra da aula ordinaria, segundo se determine.
- Asistir as reunións que se determinen, así como as avaliacións para aportar información en relación aos alumnos apoiados.



- **Profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT):**

- Apoios aos alumnos con necesidades educativas especiais permanentes ou temporais
- Apoios aos alumnos con ACS
- Apoios a alumnos e alumnas que presente problemas emotivo-relacionais e/ou de conducta.
- Colaborar co Profesor ou coa Profesora-Titor/a na elaboración de materiais adaptado ás necesidades dos alumnos atendidos.
- Colaborar co Profesor ou coa Profesora-Titor/a na relación coas familias.

- **Profesorado de Audición e Linguaxe (AL):**

- Estimulación da linguaxe oral como prevención de dificultades
- Apoio aos alumnos e alumnas presentan trastornos da linguaxe, da fala que teñan incidencia na lecto-escritura, déficits nas habilidades lingüísticas.
- Apoio aos alumnos e alumnas con deficiencias na adquisición do proceso lecto-escritor.
- Realizar valoracións das necesidades educativas dos alumnos relacionadas coa comunicación e a linguaxe.
- Colaborar co Profesor ou coa Profesora-Titor/a na relación coas familias.

- **Profesorado de Apoio á E. Infantil:**

- Apoio ao grupo clase, segundo as necesidades de cada grupo.
- Apoiar no período de adaptación nas Aulas de 3 anos.

- **Departamento de Orientación- Orientador:**

- Detección de necesidades
- Colaborar no seguimento de alumnos e alumnas con necesidades
- Colaborar no deseño de despostas educativas.
- Planificación dos apoios de PT e AL
- Realizar avaliación psicopedagóxicas e elaborar os informes correspondentes
- Asesorar na elaboración das adaptacións curriculares e nas medidas de reforzo educativo necesarias.
- Efectuar a orientación sobre a modalidade de escolarización oportuna e os recursos personais e materiais necesarios.
- Coordinar actuacións con outros servizos sociais e sanitarios que interveñan con alumnos do Centro.



- Informar ás familias dos resultados da avaliación psicopedagóxica, dictame se procede, así como das orientacións oportunas.
- Colaborar nas actuacións que se realicen en relación co absentismo.
- Elaboración de protocolos relacionados coa atención á diversidade.
- Informar sobre as becas e axudas para alumnos con necesidades educativas especiais e colaborar nas xestións necesarias para a súa solicitude.

**Procedemento xeral para a intervención do Departamento de Orientación:**

- Demanda de intervención por parte dos Profesores ou das Profesoras Tutores/as, na que se indicarán os datos do alumno ou alumna e as dificultades observadas.
- Autorización das familias para que interveña o Departamento de Orientación
- Entrevista co Titor ou coa Titora, analise do expediente do alumno, analise das producións escolares, observación do alumno.
- Entrevista coa familia.
- Aplicación das probas psicopedagóxicas que se considere necesario.
- Elaboración do Informe sobre a Avaliación psicopedagóxica.
- Información ao Titor ou á Titora, aos Profesores implicados e á familia sobre as conclusións e orientacións.

- **Dirección:**

- Detectar as necesidades de recursos persoais e materiais
- Velar polo cumprimento do Plan, a súa avaliación e revisión anual.
- Iniciar o Plan de Acollida de alumnos e alumnas que se incorporan ao Centro
- Seguimento do Plan de acollida

- **Xefatura de Estudos:**

- Detección do absentismo escolar
- Organización dos apoios educativos
- En coordinación co Departamento de Orientación, distribución horaria dos distintos apoios, calendario de reunións de profesores de apoio e Titoras.
- Impulsar as reunións de coordinación interciclo e interetapa.

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:**

- Revisión e seguimento do Plan de Atención á Diversidade
- Aprobación dos horarios de apoio a proposta do Equipo Directivo, Departamento de Orientación e Profesores de Apoio.

- Valoración das liñas de actuación e avaliación do Plan.

**- Claustro:**

- Aprobación do Plan de Atención á Diversidade.

**- Consello Escolar:**

- Aprobación do Plan de Atención á Diversidade.

**- Auxiliar Técnico Educativo (Coidadora):**

- Atención ao alumnado con necesidades educativas segundo se determina nas funcións que establece o órgano administrativo correspondente

## **10.- COLABORACIÓN CON OUTROS PROFESIONAIS EXTERNOS AO CENTRO:**

### **10.1.- SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO (TRABALLADORAS E EDUCADORAS SOCIAIS):**

Reunións ao inicio de curso e sempre que sexa conveniente cos Servicios Sociais de Atención Primaria do Concello para detectar alumnos e alumnas con necesidades e valorar as medidas que son necesarias para intervir.

### **10.2.- SAÚDE MENTAL INFANTO XUVENIL DO COMPLEXO HOSPITALRIO HULA:**

Entrevista cos Profesionais de Saúde Mental para recibir e dar información sobre alumnos e alumnas con necesidades e valorar as medidas que son necesarias para intervir.

### **10.3.- ASOCIACIÓNS QUE PRESTAN ATENCIÓN A NENOS E NENAS CON NECESIDADES ESPECIAIS:**

Entrevistas cos Profesionais das Asociacións que atenden a alumnas e alumnas con necesidades (Down, Autismo, Parálise Cerebral, Xordos, TDA-H, etc.), para intentar dar unha resposta educativa máis axeitada aos alumnos afectados.

### **10.4.- EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO (EOE):**

Demandar a intervención dos especialistas do E.O.E. de Lugo sempre que se precise ou buscar o seu asesoramento para atender ás necesidades especiais do alumnado.



### **Procedemento xeral para solicitar a intervención do E.O.E.:**

- Analise das dificultades e necesidades do alumno obxecto de intervención dende o Centro.
- A Dirección do Centro ou o Orientador solicitan a intervención do Equipo mediante o formulario elaborado para tal efecto e a través da Inspección.
- Falcitar a información que demanden os especialistas do Equipo sobre o alumno ou alumna.

## **11.- COLABORACIÓN COS PAIS E NAIS DOS ALUMNOS:**

### **11.1.- INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS:**

- Cando os alumnos están propostos para unha medida de atención á diversidade, informar aos pais sobre a necesidade da medida que nos propoñemos levar a cabo
- Solicitar autorización mediante o impreso para tal efecto.
- Cando un alumno inmigrante se incorpore ao Centro, darlle a información sobre a normativa vixente, documentos que debe presentar, horarios do Centro.....
- Mediante entrevistas trimestrais do Titor ou da Titora cos pais dos alumnos e alumnas que siguen algunhas das medidas de atención á diversidade, informalos sobre a evolución do alumno.
- Mediante o Boletín de notas informar ás familias en cada avaliación dos resultados acadados.

### **11.2.- COLABORACIÓN FAMILIAR:**

Procurar a colaboración das familias para reforzar aqueles aspectos que se considere necesarios ( lectura, escritura, cálculo...), de forma especial cos alumnos con deficiencias específicas.

Esta actuación levará a cabo o Profesor ou a Profesora Titor/a coa participación e colaboración, si se demanda, do Profesorado de apoio e do Departamento de Orientación para as entrevistas cos pais.

## **12.- AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

### **12.1.- ÓRGANOS IMPLICADOS NA AVALIACIÓN:**

- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Departamento de Orientación
- Dirección
- Claustro
- Consello Escolar

### **12.2.- INDICADORES DE AVALIACIÓN:**

- Necesidades detectadas
- Grao de consecución de obxectivos do Plan
- Idoneidade das medidas de atención adoptadas
- Atrancos atopados para levar a cabo as medidas
- Grao de implicación na elaboración das medidas e na aplicación das mesmas por parte do Profesorado.

### **12.3.- INSTRUMENTOS PARA AVALIAR O PLAN:**

- Reunións dos distintos órganos docentes
- Documentos elaborados
- Memorias final de curso

### **ANEXO I**

Modelos de protocolos e impresos para solicitar intervencións, de autorizacións para as medidas de atención á diversidade, de fichas de seguimento, de plan de actuación nas medidas a tomar.

### **ANEXO II**

Plan de Acollida

Programa do Departamento de Orientación

Protocolo de absentismo



# ANEXOS



**AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE APOIO**

D./Dna ..... con DNI  
 ..... en calidade de nai, pai ou titor legal do/a alumno/a  
 ....., matriculado no CEIP  
 ..... no curso ..... da .....

....., fun informado/a das necesidades educativas que presenta o  
 meu fillo/a e estou de acordo en que se apliquen as medidas de atención educativa oportunas  
 (apoios) conducentes ao mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo do  
 meu fillo/a.

Polo que **AUTORIZO** a que reciba os apoios necesarios coa profesora de :

.....

En Lugo, a ..... de ..... de 20.....

O Pai/Nai/Titor legal

(sinatura)

Asdo: .....

(Nome e apelidos)



**DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**Nome e apelidos do/a alumno/a:**.....  
 Data de nacemento:.....  
 Enderezo:.....  
 Nome do pai:..... Profesión:.....  
 Nome da nai:..... Profesión:.....  
 Número de irmáns/as(incluído/a el/ela):..... Lugar que ocupa entre eles/as:.....  
 Problemas de saúde:.....  
 Situación familiar a destacar:.....

**Escolaridade:**

No presente curso está escolarizado en: Curso:..... Grupo:.....  
 Historia escolar previa:

E. Infantil:..... anos. Centro:.....  
 Primeiro Ciclo:..... anos. Centro:.....  
 Segundo Ciclo:..... anos. Centro:.....  
 Terceiro Ciclo:..... anos. Centro:.....

¿ Existe no seu expediente algún Informe de Avaliación Psicopedagóxica?.....

Recibe ou recibiu algun tipo de apoio:.....

**Relación e integración social:**

Lider                      Rechazado/a                      Aceptado/a                      Aislado/a

Interaccións cos/as compañeiros/as:.....  
 Interaccións cos/as profesores/as:.....

**Motivo fundamental da demanda:**

- Carenza en coñecementos básicos
- Deficiencias nas habilidades básicas (lectura, escritura, cálculo)
- Problemas nas relacións cos iguais
- Técnicas de traballo e estudo inadecuadas
- Capacidades limitadas
- Falla de motivación
- Problemas de conductas
- Outras:.....

Maiores dificultades en:.....

Ritmo na execución das tarefas:.....

**Nome do titor/a:**.....

En Lugo,a ..... de ..... de .....

Enterados os pais  
**válido.**

O/A Titor/a

**¡Error! Vínculo no**



**PLAN DE ACTUACIÓN CON ALUMNOS/AS CON N.E.E.**

ALUMNO/A: .....

CURSO: .....

ACI: .....

Informe psicopedagógico: .....

NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:

--	--

TEMPORALIZACIÓN: 1º 2º 3º Trimestre.

Profesor/a	Sesións	Obxectivos priorizados	Consecución dos obxectivos
Profesora de P.T.			
Profesora de A.L.			
Outros profesores/as			



## PLAN DE SEGUIMIENTO DOS/AS ALUMNOS/AS QUE RECIBEN APOIOS

PROFESOR/A DE APOIO: .....

ÁREA DE: ..... TEMPORALIZACIÓN:.....

ALUMNO/A	CURSO	Nº SESIÓN SEMANAIS	DATA COMENZO	OBXECTIVOS PRIORIZADOS	¿ ACADOU OS OBXECTIVOS?



**PLAN DE TRABAJO E COORDINACIÓN DO ALUMNADO CON APOIOS**

**NOME DO ALUMNO/A:** ..... **CURSO:** ..... **IDADE:** .....

**A.C.I. :** SI  NON  **ÁREAS ADAPTADAS:** \_\_\_\_\_ **CURRÍCULO DE REFERENCIA:** \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**R.E. :** SI  NON  **ÁREAS CON R.E.:** \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

ORGANIZACIÓN DOS APOIOS				
PROFESORADO	SESIÓNS	ÁREAS DE TRABAJO	OBXECTIVOS PRIORITARIOS	MATERIAIS
Co/oa Titor/a				
En P.T. ( dentro da aula)				
En P. T. ( fóra da aula)				
En A.L.				
Outros apoios ( dentro da aula )				
Outros apoios ( fóra da aula)				



## SEGUIMIENTO DA ADAPTACIÓN CURRICULAR

Reunión nº:.....

Data:.....

Asistentes:.....

### ASPECTOS A VALORAR:

I.- RENDIMENTO DO/A ALUMNO/A:

II.- ADECUACIÓN DOS RECURSOS:

III: ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN:

IV.- NOVAS PROPOSTAS:

María Carmen Cancela Freire, SECRETARIA do CEIP CASÁS de Lugo.

**CERTIFICA:**

Que o **PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** foi aprobado nas sesións de Claustro e Consello Escolar celebradas neste centro o día 22 de abril de 2014.

E para que conste, aos efectos oportunos, firmo en Lugo a 23 de abril de 2014.

Vº e Prace

A DIRECTORA

A SECRETARIA

   
Isabel Ferreiro Rodríguez

  
M<sup>a</sup> Carmen Cancela Freire